


CUMIEIRA

Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 10 - 2025

Xosé A.
Fernández Salgado
(ed.)



Universidade de Vigo

Departamento de
Filoloxía Galega e Latina

CUMIEIRA

*Cadernos de investigación
da nova Filoloxía Galega*

Vol. 10 - 2025

Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

UNIVERSIDADE DE VIGO

Cumieira : Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega. Vol. 10/Xosé A. Fernández Salgado (ed.). -- Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, 2025

184 p.; 24 cm

D.L. VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

1. Filoloxía Galega. I. Fernández Salgado, Xosé Antonio, ed. lit. II. Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina, ed.

© Departamento de Filoloxía Galega e Latina (Universidade de Vigo)

© Xosé A. Fernández Salgado, Sandra Comesaña Pires, Natalia Otero Oubiña, Ariel Quintela Sesar, Olalla Vizoso González, Silvia Miguélez Trabazos

© Xosé A. Fernández Salgado (ed.)

Revisión científica do volume 10:

Xosé-Henrique Costas González (UVigo), Benigno Fernández Salgado (UVigo), Alexandre Rodríguez Guerra (UVigo) e Xosé A. Fernández Salgado (UVigo)

Maquetación: Xosé A. Fernández Salgado

Deseño da portada: Tania Sueiro (Área de Imaxe da Universidade de Vigo)

Edición:

Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende - 36310 Vigo

Impresión: Gráficas Muriel

Dep. Legal: VG 620-2025

ISBN: 978-84-1188-083-1

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega aparece recollida nas bases de datos DIALNET e BILEGA, no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna), en *Linguistic Bibliography* e Brillonline de BRILL e na *Linguistic Open Access Journals*, compiled by Jan Szczepanski.

Índice/Index

- 9** Limiar /
Introduction
- 11** XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
Dez anos de Filoloxía Galega na revista *Cumieira* (2016-2025) /
A Decade of Galician Philology in the Journal Cumieira (2016-2025)
- 39** SANDRA COMESAÑA PIRES
Estratexias e retos das familias na transmisión e mantemento do galego
en Vigo / *Strategies and Challenges of Families in the Transmission and
Maintenance of Galician in Vigo*
- 61** NATALIA OTERO OUBIÑA
Galego e castelán en contacto no audiovisual de Galicia: o caso da serie
Fariña / *Galician and castilian languages in touch on the Galicia's
audiovisual industry: the case of series Fariña*
- 107** ARIEL QUINTELA SESAR
Bases para un dicionario LGBT+ Galego / *Basis for a Galician LGBT+
Dictionary*
- 139** OLALLA VIZOSO GONZÁLEZ
Variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes
relacionadas co seseo / *Linguistic variation in the municipalities
of Tui and Tomiño: the variants related to seseo*
- 177** Recensións / *Reviews*
Costas, Xosé-Henrique (2025): *A fala de Vigo*. Vigo: Área de Normalización
Lingüística da Universidade de Vigo / Concello de Vigo / Faladoiros Vigo
por SILVIA MIGUÉLEZ TRABAZOS
- 179** Autoras e autores de *Cumieira*, Vol. 10 /
Cumieira's authors
- 180** Normas para o envío de orixinais /
Manuscript submissions guidelines. Information for authors

DEZ ANOS DE FILOLOXÍA GALEGA NA REVISTA *CUMIEIRA* (2016-2025)

*A Decade of Galician Philology in the Journal Cumieira
(2016-2025)*

Xosé A. Fernández Salgado

Universidade de Vigo - Editor de *Cumieira*

xsalgado@uvigo.gal

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v10.25.1>

Resumo: Dar chegado ó número dez de *CUMIEIRA* significa acadar unha certa madurez nun proxecto que naceu no Departamento de Filoloxía Galega e Latina da UVigo coa vontade de ofrecer un espazo propio á investigación emerxente sobre a lingua e a literatura galegas. Dende a súa creación, procurou ser unha plataforma na que dialogasen tradición e renovación metodolóxica, descrición da lingua e interpretación dos textos, análise empírica e reflexión crítica. O balance amosa un perfil singular: unha revista que combina o rigor académico co acompañamento formativo, que acolle traballos de investigadores en formación sen renunciar ós estándares científicos e que contribúe a construír unha nova xeración de filólogas e filólogos galegos. Neste traballo débúllase o camiño percorrido nestes dez anos, enfatízase a valía da revista e faise un balance analítico dos traballos publicados no tocante a temáticas, metodoloxías e autorías.

Palabras chave: historiografía lingüística, lingua e literaturas galegas, revistas científicas, *Cumieira*.

Abstract: Reaching the tenth issue of *CUMIEIRA* signifies the attainment of a certain maturity within a project that originated in the Department of Galician and Latin Philology at the UVigo. The project's primary aim was to offer a dedicated platform for emergent research concerning the Galician language and literature. Since its inception, it has endeavoured to serve as a nexus for dialogue between established tradition and methodological innovation, between linguistic description and textual interpretation, and between empirical analysis and critical reflection. A review of its trajectory reveals a distinctive profile: the journal successfully combines academic rigour with formative guidance, welcoming contributions from researchers in training without compromising scientific demands, and thereby actively contributing to the development of a new generation of Galician philologists. This paper meticulously traces the path travelled over these ten years, underscores the journal's inherent value, and presents an analytical assessment of the published works with regard to themes, methodologies, and authorship.

Keywords: linguistic historiography, Galician language and literatures, scientific journals, *Cumieira*.

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega

Dpto. de Filoloxía Galega e Latina, Universidade de Vigo

Vol. 10, 2025, pp. 11-37, ISBN: 978-84-1188-083-1

1. As revistas de Filoloxía galega

A consolidación da Filoloxía galega como disciplina universitaria e o recoñecemento social e cultural da lingua galega no último medio século non serían posibles sen un tecido editorial sólido, no que cumpren un papel destacado as revistas académicas e científicas, un espazo fundamental de encontro, reflexión e difusión da investigación. A diversidade de publicacións que foi xurdindo permitiu atender non só as cuestións estritamente lingüísticas senón tamén os ámbitos da literatura, da tradución, da didáctica da lingua e do pensamento crítico¹.

Na Táboa 1 da seguinte páxina recóllese un conxunto de revistas científicas ou académicas, ordenadas cronoloxicamente, que acollen —ou acolleron— traballos clasificables no ámbito da Filoloxía galega. O panorama resultante é amplo tanto polos ámbitos de investigación que abranguen, a duración das revistas, as linguas e literaturas obxecto de estudo, a lingua de edición ou o impacto na comunidade científica.

De modo xeral, poden distinguirse varios perfís. Un primeiro grupo fórmano revistas que publican maioritariamente traballos de lingüística ou filolóxicos en sentido estrito, como *Estudos de lingüística galega*, *Verba*, *Revista galega de filoloxía* ou *Cadernos de lingua*; outro grupo céntrase na investigación literaria, como *Boletín galego de literatura*, *Abriu*, *Grial* ou *Cumieira das letras*.

Existen tamén publicacións de carácter interdisciplinar, que combinan os estudos lingüísticos e literarios con análises culturais e mesmo textos de creación, como *Madrygal*, *Boletín da Real Academia Galega*, *Revista de linguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, *Galicía 21* ou *A Trabe de Ouro*. Outras, como *Agalia*, adoptan unha óptica reintegracionista, en tanto que *Viceversa*, *Cadernos de fraseoloxía galega* ou *Follas novas* especialízanse en ámbitos concretos como a tradución, a fraseoloxía ou na contorna de determinados autores literarios, respectivamente.

Canto ás linguas de publicación, a maior parte dos artigos sobre o galego están escritos en galego, mesmo cando a lingua obxecto de estudo non o é —o caso de *Cadernos de fraseoloxía galega*—. Tamén se atopan traballos noutras linguas, principalmente en portugués e castelán, cando estas constitúen o foco da análise.

¹ Para unha breve historia da lingüística galega, pode consultarse Fernández Salgado (2025). A BILEGA, creada no Centro de Investigacións Ramón Piñeiro (CIRP) é unha base de datos que ofrece información bibliográfica exhaustiva sobre traballos de investigación ou de divulgación da lingua galega. No aspecto literario poden consultarse a *Historia da literatura de Pena* (2013-2019) e os *Informes de literatura* do propio CIRP (<https://www.cirp.gal/>).

Algunhas revistas gozan, ademais, de notable visibilidade internacional; neste sentido, as mellor valoradas segundo os principais índices de impacto son *Estudos de lingüística galega*, *Verba*, *Madrygal*, *Revista galega de filoloxía* e *Abriu*, aínda que esas posicións poden variar lixeiramente dun ano para outro.

Revista	Inicio	Editora	Ámbito
<i>Boletín da Real Academia Galega</i>	1906	Real Academia Galega	Lingüístico, literario e cultural
<i>Cadernos de estudos gallegos</i>	1944	CSIC	Histórico, literario e lingüístico
<i>Grial. Revista galega de cultura</i>	1953	Ed. Galaxia	Cultural, literario e lingüístico
<i>Verba. Anuario galego de filoloxía</i>	1973	USC	Lingüístico e filolóxico
<i>Agalia</i>	1985-2016	AGAL	Literario e cultural reintegracionista
<i>Boletín galego de literatura</i>	1989	USC	Literario
<i>A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico</i>	1990	Ed. Sotelo Blanco	Cultural e literario
<i>Cadernos da lingua</i>	1990	RAG	Lingüístico
<i>Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca</i>	1991	UNED	Lingüístico e literario
<i>Anuario de estudos literarios galegos</i>	1992-2007	Edit. Galaxia	Literario
<i>Viceversa. Revista galega de tradución</i>	1995	ATG- UVigo	Tradución
<i>Cadernos de fraseoloxía galega</i>	2000	CIRP- Xunta de Galicia	Fraseoloxía
<i>Revista galega de filoloxía</i>	2000	UdC	Lingüístico e filolóxico.

<i>Madrygal. Revista de estudios gallegos</i>	2004	Univ. Complutense	Lingüístico, literario e cultural
<i>Estudos de lingüística galega</i>	2009	ILG - USC	Lingüístico e filolóxico
<i>Galicia21: Journal of Contemporary Galician Studies</i>	2009-2015	Univ. de Bangor / Univ. De Cork	Estudos culturais
<i>Abriu. Estudos de textualidade de Brasil, Galicia e Portugal</i>	2012	Univ. de Barcelona	Literario e cultural
<i>Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega</i>	2016	Dpto. de Filoloxía Galega e Latina - UVigo	Lingüístico e literario
<i>Follas Novas</i>	2016	Fundación Rosalía de Castro	Literario (e relación a Rosalía de Castro)
<i>Cumieira das letras</i>	2022	Dpto. de Filoloxía Galega e Latina-UVigo	Literario e lingüístico

Táboa 1. Revistas que publican traballos académicos de Filoloxía galega².

Nesta lista, *CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* é das revistas máis novas, pero así e todo co seu décimo volume cumpre un primeiro ciclo de vida editorial (2016-2025). *CUMIEIRA* naceu estreitamente ligada ao Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo e fíxoo cunha vocación clara e específica que a singulariza entre as outras publicacións: ser unha palestra académica para a xeración máis nova de investigadores da lingua e literatura galegas.

Certamente, *CUMIEIRA* non foi concibida para competir cos espazos de publicación xa consolidados da Filoloxía galega, senón para actuar como porta de entrada ao mundo da investigación profesional. O obxectivo fundacional era dobre: por unha banda, ofrecer ós estudantes de graos e postgraos relacionados coa lingua e literatura

² Á listaxe da Táboa 1 aínda se lle podería engadir outras revistas do ámbito da romanística, que con frecuencia dan cabida a estudos de lingüística ou literatura galegas, como *Revista de filoloxía románica* (Univ. Complutense), *Dialectología* (Univ. de Barcelona), *Estudios románicos* (Univ. de Murcia), *Océanide* (Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular), *Zeitschrift für romanische Philologie* (De Gruyter), *Quaderni de Semantica* (Il Mulino) ou no seu día *Estudios de sociolingüística* (2000-2006, UVigo).

galegas un lugar onde o seu traballo de fin de grao (TFG) ou de fin de máster (TFM), ou mesmo traballos de curso de alta calidade, puidesen transcender a avaliación da aula e conseguir a categoría de artigo científico publicado; por outra banda, queríamos garantir que esta primeira publicación científica do investigador se fixese baixo os parámetros do rigor académico e editorial. Os dez volumes publicados ata o de agora de *CUMIEIRA* validan a nosa aposta, pois a publicación amósase coma un verdadeiro barómetro dos intereses, metodoloxías e novas temáticas que están a modelar o futuro da Filoloxía galega.

Chegar ao número dez dános moita satisfacción, pero tamén nos obriga a facer unha pausa reflexiva. É tempo de ollar cara atrás, examinar o carreiro percorrido e proxectar o que nos espera. Este artigo ten ese propósito: realizar un balance analítico da produción científica contida nestes dez volumes iniciais de *CUMIEIRA* (2016-2025) e subliñar o valor da revista, a súa achega de novidade e o rigor dos traballos publicados no referido a temas, metodoloxías e autorías.

2. *CUMIEIRA*, unha revista científica

As primeiras revistas científicas xurdiron na segunda metade do século XVII. Nos inicios eran publicadas por sociedades científicas, posteriormente foron engadíndose a elas as universidades e axencias gobernamentais e finalmente tamén editores privados. As científicas son un tipo de publicacións periódicas que cumpren dous trazos básicos: por unha banda, difunden contidos de investigación orixinal, isto é, comunican por primeira vez os resultados dunha investigación a partir dunha metodoloxía establecida; e, por outra, dispoñen dun proceso de revisión por expertos na materia (véxase Capurro 2016; Iáñez-Rodríguez *et al.* 2020).

As revistas científicas publican principalmente artigos de investigación baseados en coñecementos previos con métodos e procedementos xa validados, con resultados novos e comprobados; pero poden tamén incluír artigos de revisión, que compilan e examinan a bibliografía existente sobre un tema específico.

CUMIEIRA naceu querendo ser unha revista científica. Trátase dunha publicación especializada no ámbito da Filoloxía galega de aparición regular que publica artigos orixinais en galego, maioritariamente resultado de investigacións inéditas previas, sobre todo TFG e TFM, que son avaliados antes da súa aceptación por un comité de expertos, o que garante a calidade e rigor do traballo. É, tamén, unha publicación con formato estandarizado nos artigos: resumo, introdución, metodoloxía, resultados, discusión e bibliografía de referencia; e cun uso rigoroso na citación de fontes bibliográficas.

CUMIEIRA oriéntase á comunidade científica, sobre a que pretende ter impacto, e foi consolidándose como un espazo de reflexión comprometido coa recuperación, a valoración e o ensino da lingua galega. Nese espazo conéctanse diferentes ámbitos do coñecemento lingüístico e literario e mestúranse a análise rigorosa, o enfoque multidisciplinar e as perspectivas aplicadas.

Nesta primeira década de existencia, a revista publicou 10 volumes, 1.594 páxinas, con 55 artigos³ asinados por 51 autorías que están a iniciar as súas carreiras investigadoras. O número de artigos en cada volume van dos 5 ós 7, cunha media de 30 páxinas cada un. É unha publicación seriada anual, con ISBN independente para cada un dos seus volumes e con dúas edicións: unha en formato libro, custeada polo propio Departamento de Filoloxía galega e latina; e outra dixital en soporte de PDF, que se aloxa na páxina web do Departamento e é de descarga libre.

O editor responsable desta edición é Xosé A. Fernández Salgado, profesor do Departamento, en tanto que o comité de revisión de cada volume está composto por profesorado da Universidade de Vigo. Na Táboa 2 recóllense estes e outros datos.

CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega (2016-2025)	
Editora	Departamento de Filoloxía Galega e Latina (UVigo)
Editor	Xosé Antonio Fernández Salgado (UVigo)
Deseño da portada	Tania Sueiro (Área de imaxe da Uvigo)
Inicio	2016-
Periodicidade	Anual
Volumes editados ata agora	10
Nº de páxinas publicadas	1.594
Nº de artigos	55
Autorías diferentes	51
DOI	Dende o vol. 8
ISBN	Diferente en cada volume
Edición dixital en PDF de descarga libre	https://webh03.webs.uvigo.es/cumieira-cadernos-de-investigacion-da-nova-filoloxia-galega/

Táboa 2. Algúns datos técnicos da publicación.

³ Non se conta o presente artigo do editor.

Formalmente, cada volume presenta logo da portada e portadiña, a páxina de créditos, o índice cos títulos dos artigos en galego e inglés, un limiar do editor que presenta os contidos do volume, os artigos de investigación en si, unha sección que recolle unha breve biografía académica dos autores ou autoras participantes, unhas páxinas finais coas normas de publicación e unha contraportada cun breve resumo dos temas abordados no volume. A partir do volume 8 incorporouse unha sección de recensións de obras de investigación lingüística e literaria, e de creación.

O formato dos artigos segue o modelo habitual nos textos académicos e científicos: título en galego e en inglés; nome do autor ou autora coa súa filiación e enderezo electrónico; resumo e palabras clave, tamén en galego e inglés; e apartados dedicados á introdución, ó estado da cuestión, ós obxectivos, á metodoloxía, á análise dos resultados, ás conclusións e ás referencias bibliográficas empregadas. Con frecuencia inclúen tamén anexos diversos, como modelos de enquisas, mostras de fichas de bases de datos, repertorios léxicos ou listas onomásticas.

En todas as páxinas pares aparece na marxe superior o título e o número da publicación, mentres que nas impares se indica o título do artigo e a autoría. A partir do volume 5, a publicación incorporou na páxina inicial de cada traballo, na marxe inferior esquerda, datos sobre o título da publicación, o volume, as páxinas que abrangue o artigo e o ISBN. Dende o volume 8, cada artigo conta tamén cun DOI asignado.

3. Autoría e supervisión dos traballos

Como foi dito, un dos sinais distintivos de *CUMIEIRA* dentro das publicacións de Filoloxía galega é o perfil dos seus colaboradores.

Como se pode observar na Táboa 3, a autoría dos artigos corresponde maioritariamente a persoas en formación vinculadas, sobre todo, ós graos e mestrados da Universidade de Vigo —en concreto, á Facultade de Filoloxía e Tradución: Grao en Estudos de Galego e Español, Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, e Grao en Tradución e Interpretación— e, en menor medida, ás Facultades de Educación dos campus de Ourense e Pontevedra. Non obstante, tamén se inclúen investigacións realizadas por licenciados, graduados ou doutorandos en lingüística ou literatura doutras universidades, como a de Santiago de Compostela, a Complutense, a de Berlín, a de La Laguna ou a de Zagreb.

Nas páxinas finais de cada volume da publicación, na sección específica dedicada a eles, recóllese unha breve biografía académica dos autores e autoras participantes.

Centro de graduación ou licenciatura	Nº	%
Universidade de Vigo	44	80%
Universidade de Santiago de Compostela	8	14,6%
Universidade Complutense	1	1,8%
Freie Universität Berlin	1	1,8%
Universidade de La Laguna	1	1,8%

Táboa 3: Orixe académica das autoras e autores.

Canto ó sexo, pódese afirmar que a investigación recente no ámbito da Filoloxía galega é maioritariamente feminina, xa que case o 70 % dos traballos publicados en *CUMIEIRA* están asinados por mulleres.

Por outra banda, conforme os datos da Táboa 4, os traballos publicados son investigacións orixinadas, na súa maior parte, en TFG e TFM (case o 80%):

Orixe do artigo	Nº	%
TFG	37	67,27 %
TFM	7	12,72 %
Traballos avanzados de curso	3	5,45 %
Teses de licenciatura	1	1,81 %
Investigacións propias	3	5,45 %
Recensións de libros	4	7,27 %
Total traballos publicados	55	100%

Táboa 4: Orixe dos traballos publicados.

A variedade de temas abordados nos traballos reflicte a aparición dunha nova fornada de investigadores e investigadoras da Filoloxía galega. Trátase dunha xeración que non só describe a lingua e a literatura galegas, senón que as relaciona co ensino, co seu papel na sociedade e coa identidade lingüística dos falantes. Como se verá máis polo miúdo na sección seguinte, destacan os traballos de lingüística fronte ós de literatura. Dentro daqueles, os enfoques descritivos, dialectolóxicos e de sociolingüística educativa; nas literarias, as análises de clásicos e contemporáneos conviven con estudos dende a perspectiva de xénero e da educación en valores.

O feito de os artigos procederen maioritariamente de TFG e TFM implica dous aspectos: por unha banda, que foron seguidos polos seus titores ou directores, un profesorado con ampla experiencia investigadora; por outra, que superaron con brillantez a avaliación dun tribunal. Que sexan traballos titorizados garante que, malia seren investigacións de iniciación, conserven a calidade metodolóxica e bibliográfica equiparable á doutras publicacións científicas consolidadas: a supervisión docente dálle solidez a cada artigo, ó tempo que a revista outorga visibilidade pública a esas primeiras achegas. Así, pódese dicir que a revista funciona como un elo de transmisión: o coñecemento xerado nos espazos formativos universitarios proxéctase cara á comunidade académica e social.

Xa que logo, en relación a isto, cómpre destacar a dimensión pedagóxica da revista: publicar en *CUMIEIRA* convértese para moitos estudantes no primeiro paso dunha carreira académica, un adestramento real no proceso de difusión do coñecemento, dende a redacción ata a revisión editorial. Para o profesorado titor, pola súa parte, supón unha oportunidade de ver recoñecida e difundida a súa tarefa de orientación e seguimento, pois cada artigo é tamén resultado dun labor compartido entre docente e discente, axudando a mellorar a redacción, a estrutura argumentativa ou a precisión metodolóxica. Na primeira nota a rodapé de cada artigo, moitas autoras e autores lembran con gratitude ese labor e o acompañamento do titor ou titora do TFG ou TFM.

Todos os traballos recibidos en *CUMIEIRA* para publicar reciben unha primeira revisión por parte do editor, que valora o seu interese e se cumpren as normas e a temática da publicación. Un aspecto en que editor lles insiste ós posibles autores é que non se trata de reproducir na revista o seu TFG ou TFM, senón de transformar un traballo universitario nun artigo científico, coas características que o xénero impón. Cando os traballos resultan relevantes, o editor solicita a avaliación de dous expertos que tras a súa revisión ditaminan se procede publicalo ou se cómpre facer modificacións e incorporar suxestións, que son enviadas ás autoras e autores.


Nestes dez anos, a revisión científica dos artigos foi feita por profesorado da Universidade de Vigo, maioritariamente do Departamento de Filoloxía Galega e Latina. Dáse constancia dos membros do comité de revisión científica na páxina de créditos inicial. Nos dez volumes levan ofrecido o seu tempo en axudar a mellorar os orixinais, por orde alfabética: Anxo Angueira Viturro (3), Bieito Arias Freixedo (2), Xosé-Henrique Costas González (3), Manuel Fernández Álvarez Forcadela (3), Benigno Fernández Salgado (3), Xosé A. Fernández Salgado (10), Xavier Gómez Guinovart (1), Ana Iglesias Álvarez (6), Antón Palacio Sánchez (1), Antía Monteagudo Alonso (2), Gonzalo Navaza Blanco (1), Alexandre Rodríguez Guerra (5) e Xosé Soto Andión (4) —entre parénteses indícase o número de volumes en que participou.

4. Diversidade temática, disciplinar e metodolóxica

De acordo co subtítulo da publicación, os ámbitos analizados son a lingua, a literatura e a cultura galegas da época contemporánea, nalgúns casos contrastadas con outras. As únicas excepcións son un traballo sobre o mirandés como lingua minoritaria (Castelo Veiga 2017) e outro, de carácter literario, sobre a obra *Novas cartas portuguesas* (Gago Costas 2024). A lingua de redacción de todos eles é o galego, agás este último, que está en portugués.

Un aspecto que distingue a revista é a énfase na metodoloxía usada na investigación. Nos traballos publicados en *CUMIEIRA* predomina a metodoloxía empírica, descritiva e aplicada, centrada na análise de datos reais da lingua e da literatura galegas. Os estudos lingüísticos empregan corpus, enquisas, entrevistas e observación de campo, en tanto que os literarios recorren á análise textual, comparatista e feminista. A combinación de métodos cualitativos e cuantitativos garante unha aproximación equilibrada entre teoría e práctica.

É tamén salientable a diversidade temática das investigacións. Atopámonos con traballos de gramática, léxico, onomástica, sociolingüística, historiografía, tradución e literarios de diferente focaxe. Deixando fóra as catro recensións e o presente artigo, nas 51 investigacións restantes o ámbito lingüístico (37 traballos) é o preferido pola nova xeración de filólogos, fronte ó literario (13 traballos), como se pode ver na Gráfica 1:




Gráfica 1. Ámbito de investigación dos artigos publicados.

Nas seguintes epígrafes debullamos polo miúdo cada un destes ámbitos e mais o das recensións.

4.1. Ámbito lingüístico


Dentro do ámbito da lingüística, os 38 artigos distribúense en diferentes áreas disciplinares, como se pode ver na Gráfica 2. Sobresaen en número os artigos que se clasifican como de lingüística descritiva (14 traballos), seguidos de preto polos de sociolingüística (12 traballos) e dialectoloxía (9 traballos), e, xa en menor medida, polos de lingüística aplicada (3 traballos), como se indica na Gráfica 2:



Gráfica 2. Subdisciplinas dentro dos traballos de carácter lingüístico.

4.1.1. Os estudos de lingüística descritiva

É co 37% de artigos a subdisciplina de maior peso nestes dez primeiros volumes de *CUMIEIRA*. Nela inclúense 14 traballos, con temas de sintaxe (3), morfoloxía (1), léxico (4) e onomástica (2) sobre o galego, e tamén de gramática contrastiva (4) entre o galego e outras linguas. As porcentaxes de cada área poden verse na Gráfica 3:



Gráfica 3: Áreas estudadas no grupo de lingüística descritiva.

Nos artigos de sintaxe topamos abordaxes descritivas sobre os factores que inflúen no redobro do complemento indirecto (Expósito Loureiro 2016), sobre os diferentes esquemas sintáctico-semánticos do verbo *votar* (Solla Alonso 2020) e o uso do artigo co posesivo con nomes de parentesco (Domínguez Márquez 2022). De carácter morfolóxico e o estudo dos neoloxismos léxicos creados a partir do formante *auto-* (Fernández Berrocal 2020). Trátase en todos os casos de análises minuciosas de corpus do galego contemporáneo que sistematizan patróns gramaticais pouco estudados.

Nos traballos sobre léxico, conviven as investigacións de corte lexicográfico, como a realizada sobre o vocabulario literario da obra de Fernández Morales (Castelo Veiga 2027) e o estudo terminolóxico dun futuro dicionario de temática LGBT+ (Quintela Sesar 2025), con traballos sobre a dispoñibilidade léxica, a medio camiño entre a lingüística descritiva e a sociolingüística, que analizan o vocabulario de estudantes de secundaria da Terra de Caldelas (Cid Blanco 2020) e o de universitarios vigueses (Rivas 2024).

Canto á onomástica, publicáronse dous artigos de antroponimia: un de focaxe diacrónica, que analiza os resultados populares en galego do nome propio latino *Caecilia* (Moreiras Villamarín 2017), e outro de óptica antropolóxica sobre os alcumes da parroquia de Dabo, no Morrazo (Otero Fontán 2021).

Xeneralizando, son traballos que documentan variedades ameazadas ou en retroceso e achegan datos de valor para a dialectoloxía. Teñen en común unha metodoloxía de base empírica apoiada en enquisas e corpus, o que permite actualizar o coñecemento sobre fenómenos lingüísticos en proceso de cambio ó ligaren na maioría dos casos a descrición lingüística coa identidade cultural e co patrimonio inmaterial.

Finalmente hai unha sección de catro artigos que achega estudos moi novidosos baseados en análises contrastivas do galego con outras linguas. Nalgúns casos, as análises teñen implicacións educativas por mor do ensino do galego como L2 fóra de Galicia, como é o caso dos traballos de gramática contrastiva entre o galego e o croata (Martínez Vicente 2018) e entre o galego e romanés canto á tipoloxías oracionais (Sobral Vázquez (2019). Outras veces, as investigacións exploran a variación do mesmo elemento gramatical en locucións prepositivas en dous corpus de galego e español (Martín Piñero 2021) e as interferencias nos diferentes niveis lingüísticos, produto do contacto galego-castelán, na variedade lingüística usada na serie *Fariña*, ambientada en Galicia (Otero Ubiña 2025).

A relevancia destes traballos é alta xa que conectan o galego con outras linguas e amplían o campo de estudo máis alá do eixo galego-castelán-portugués.

4.1.2. Os estudos sociolingüísticos

As investigacións de carácter sociolingüístico constitúen o 31% dos artigos do ámbito lingüístico, case un tercio do total, o que subliña interese desta disciplina dentro da mirada da «nova filoloxía» que promove *CUMIEIRA*. Todas se sitúan no contexto educativo galego nos seus diferentes niveis: primaria, secundaria e universidade, polo xeral de mostra pequena e ámbito local.

Nestes artigos examínanse as actitudes e percepcións lingüísticas do alumnado en centros pontevedreses de secundaria (Joven Sieira 2016), ou de zonas moi concretas como Redondela (Rancaño Míguez 2024); pero tamén se describen as identidades e ideoloxías dos neofalantes a partir de entrevistas semiestruturadas (Moll 2023).

Noutros traballos trátanse os temas da transmisión interxeracional e as prácticas familiares, con estudos sobre as estratexias de familias viguesas para manter o galego (Comesaña Pires 2025) ou o papel da familia na determinación da competencia lingüística en educación infantil (Lopez Tanoira 2023).

Noutros casos, os artigos abordan cuestións de políticas educativas e de planificación lingüística, coa presentación de unidades didácticas que visualizan as desigualdades lingüísticas entre galego e castelán (Suárez Recouso 2018); os efectos e percepcións do decreto de plurilingüismo conforme a variable centro público/privado (Gamallo Valladares 2022); estudos sobre a formación do profesorado e o tratamento das linguas en primaria (Benavides da Vila 2019) ou sobre os métodos e técnicas empíricas, como uso de *matched-guise* para detectar prexuízos (Rodríguez Rodríguez 2019).

Teñen cabida, así mesmo, a análise do papel dos medios de comunicación na normalización lingüística a partir do programa Xabarín Club (Vilas González 2022) e a influencia de modelos de bilingüismo galego-castelán na adquisición das linguas en centros de primaria ourensáns (Díaz Guedella 2017). Máis particular é o estudo variacionista sobre o tratamento nos usos de *ti* e *vostede* en tres xeracións de distintas familias (Casablanca Rodríguez 2022).

Son estudos en que predominan os métodos empíricos e mixtos: enquisas, entrevistas abertas, técnicas experimentais, análises de corpus e estudos de caso locais que inciden na necesidade de comprender a situación sociolingüística, e en particular, na importancia de desenvolver estratégias de interacción que fomenten a normalización social do galego. Por outra parte, conectan a investigación académica e a práctica educativa, polo que poden servir de base para propostas de intervención; documentan procesos de cambio a nivel local, e serven de formación metodolóxica para os novos investigadores, pois aprenden a deseñar enquisas, a analizar variación, a empregar técnicas sociolingüísticas e a comunicar resultados con rigor.

4.1.3. Os estudos dialectais e de variación

O interese pola variedade xeográfica e pola documentación oral é unha das marcas máis recoñecibles de *CUMIEIRA*. Constitúen o 24% das investigacións lingüísticas e, por tanto, é tamén unha das áreas máis constantes e visibles da publicación. Case un de cada catro traballos publicados ofrece unha focaxe xeográfica, que ben poderían ser máis se incluísemos aquí outros traballos clasificados anteriormente como de lingüística descritiva nos cales a gramática e o léxico dialogan coa dialectoloxía: por exemplo, os traballos sobre o léxico berciano (Castelo Veiga 2017) ou de dipoñibilidade léxica na Terra de Caldelas (Cid Blanco 2020).

Así, documéntanse descrições dialectais nos distintos niveis lingüísticos tanto na zona da Limia (Rodríguez Rodríguez 2016) coma no Morrazo, neste último caso dende unha perspectiva historiográfica (Martínez Rial 2017). Pola súa parte, outras investigacións focalízanse en trazos fónicos característicos do galego, como a inestabilidade das velares tras nasal (-nk-/-ng-) e en fenómenos como a gheada en Lalín, en falantes de tres xeracións (Pol López 2022), e o seseo nos concellos miñotos de Tui e Tomiño (Vizoso González 2025), ambos estudados dende unha perspectiva variacionista.

Son tamén obxecto de análise descrições variacionistas de aspectos morfosintácticos relativos ó pronome, como son a presenza e percepción do *teísmo* en falantes de Tui (Puga Areal 2018) e a presenza do alomorfo *-no* do pronome átono de acusativo de terceira persoa en zonas do Morrazo (Piñeiro Pais 2016).

As investigacións dialectais nestes dez volumes de *CUMIEIRA* complétanse coa análise do léxico de diferentes puntos xeográficos da Raia galego-portuguesa (Groba Bouza 2021) e un traballo aproximativo á situación actual do mirandés, lingua do grupo asturleonés, falada na portuguesa Miranda do Douro (Castelo Veiga 2017).

Como foi dito, as áreas dialectais máis investigadas son as do sur pontevedrés e ourensán, incluíndo a Raia galego-portuguesa. Son artigos baseados en entrevistas e gravacións de campo que entroncan coa tradición galega de estudos dialectais (con datos recollidos no ALGa), pero incorporan focaxes novas referidas á variación social, mudanza en tempo aparente, contacto transfronteirizo e identidade. Xunto á compilacións de datos faise tamén interpretación deles.

Estes traballos son importantes non só porque achegan datos lingüísticos inéditos de falas locais nun momento de acelerada perda interxeracional, senón tamén pola vertente formativa, xa que son investigacións que serven de adestramento para os novos lingüistas que adoito vinculan o estudo xeolingüístico coa variación social e o cambio lingüístico.

4.1.4. Estudos de lingüística aplicada


Os artigos deste grupo son os menos numerosos (8%), pero constitúen unha das liñas máis novidasas, posto que abren a revista ó ámbito da tradutoloxía, da lingüística de corpus e das relacións entre lingua e outros sistemas de comunicación con imaxes.

Certamente, atopamos neste grupo un traballo que reflexiona sobre as técnicas de tradución (Torres Abelleira 2020), a partir da análise da autotradución ó castelán do emblemático *Memorias dun neno labrego* de Neira Vilas. Pola súa parte, noutra investigación de lingüística de corpus descríbese o SensoGal e os procesos seguidos na construción dese corpus paralelo inglés-galego lematizado e desambiguado semanticamente (Brandariz Varela 2027). Finalmente, o terceiro traballo indaga nas relacións entre fotografía e linguaxe, en tanto que, como sistemas de comunicación, teñen por obxecto unha re-presentación do mundo que se traduce nun discurso susceptible de ser analizado (Vázquez Vázquez 2019).

Trátase de traballos que abren camiños pouco transitados na lingüística galega que achegan innovación metodolóxica, sitúan o galego no contexto da tradutoloxía e achégano ó mundo das tecnoloxías.

4.2. Ámbito literario

Os artigos de tema literario constitúen o 25% do total dos traballos (13) e, ben que non son cuantitativamente o núcleo da revista, si constitúen un eixe de prestixio e identidade da publicación que complementa os estudos lingüísticos cunha visión cultural e crítica. Alén diso, fronte a crítica máis tradicional, varios artigos introducen focaxes innovadoras feministas, culturais, intertextuais e comparatistas. Na Gráfica 4 poden verse as principais liñas temáticas exploradas:



Gráfica 4. Temas tratados no ámbito literario.

4.2.1. Relecturas de autorías canónicas

O maior número de artigos de tema literario (38%) actualizan a crítica canónica de autores e autoras fundamentais da literatura galega, como Rosalía de Castro, Risco, Cunqueiro e Ferrín dende ópticas novas e conectándoos con outras tradicións, nomeadamente clásicas, europeas e hispanoamericanas.

Certamente, forman parte desta liña temática a reflexión sobre o ideario de Vicente Risco a partir da lectura d'*Os europeos en Abrantes* relativo ós diferentes métodos para investigar a Historia partindo da análise dos elementos principais do relato (Monteagudo Alonso 2016). Tamén se reexamina a obra poética de Alvaro Cunqueiro en relación o seu tratamento desmitificador da mitoloxía clásica ó tentar equiparar o mito coas persoas cotiás (García Rodríguez 2018). Igualmente ofrécese unha relectura de Xosé L. Méndez Ferrín dende o materialismo histórico a partir de *Retorno a Tagen Ata*, obra que abre o xénero da política-ficción onde a técnica literaria contemporánea se pon ó servizo da reconstrución da identidade nacional e simbólica consonte á nova realidade social que se quere mudar (Castro García 2021). Finalmente, unha revisión da poesía de Rosalía de Castro inscribe a súa creación nunha modernidade literaria europea máis ampla ó establecer paralelismos entre os principios do Simbolismo literario e os trazos del recorrentes na súa obra (Naveira Fuentes 2020). Pola súa parte, a análise da obra poética de Johán Carballeira serve de escusa para pór de manifesto as relacións interartísticas entre a literatura e outras disciplinas, e detectar redes intertextuais que a súa obra poética mantén con literaturas hispanoamericanas (García Fortes 2018).

Trátase de artigos que revisan obras e autores de referencia da literatura galega, ou menos estudados —como Carballeira—, reinterpretados á luz de metodoloxías actuais. O feito de seren de investigadores novos dálles tamén un ton exploratorio e fresco.

4.2.2. Crítica feminista e roles de xénero

Os estudos de crítica feminista e de perspectiva de xénero son tamén relevantes no ámbito literario da revista, ata representaren o 30% dos artigos (4). Trátase de traballos que abren novas vías para analizar as relacións de poder, a representación da muller e os discursos de xénero.

Así, as páxinas de *CUMIEIRA* acollen unha investigación historiográfica sobre a crítica literaria feminista galega en que se vinculan xénero, nación e literatura (Domínguez García 2024). Tamén se reflexiona sobre a imaxe da muller coidadora e a división sexual dentro do traballo, en obras galegas de diferentes períodos, dende ópticas do feminismo construtivista e marxista (Salceda García 2022).

Atopamos igualmente unha proposta didáctica da literatura como ferramenta educativa para a transmisión de condutas e valores sociais nas aulas por medio de actividades que analizan estereotipos, como os roles de xénero (Salceda García 2023). E mesmo a perspectiva feminista tamén se rastrea a partir dunha das obras da literatura portuguesa máis emblemáticas: *Novas Cartas Portuguesas*, no seu momento un formato literario sorprendente e innovador en cuestións daquela pouco exploradas (Gago Costas 2024).

4.2.3. Outras temáticas literarias

No 24% restante do ámbito literario abórdanse temas variados, dende as vangardas literarias ata a poesía cortesá medieval, pasando polas relacións da literatura coa paisaxe ou cunha educación en valores.

Certamente, un dos artigos propón como traballar a educación en valores éticos, estéticos, afectivos, corporais, relixiosos e intelectuais no alumnado de secundaria, partindo de fragmentos escollidos de libros xuvenís que presentan eses valores (Chantrero Pocero 2016). Encontramos tamén un estudo de lírica medieval sobre o contido e as implicacións do motivo do *cuidar* na cantiga de amor galega pódooa en relación coa *cansó* provenzal e a novela artúrica (González Álvarez 2017). Así mesmo, outro traballo examina o movemento vangardista de principios do século XX e rastrea a presenza do Futurismo no contexto do campo literario galego (Álvarez Moure 2017). Finalmente, outro artigo reflexiona sobre a construción cultural da paisaxe galega e como se relaciona cunha mirada allea a esta cultura, a do escritor argentino Roberto Arlt (Bouzas Antas 2021).

4.3. As recensións

A partir do volume 8, a revista incorporou unha sección de recensións co fin de lle dar visibilidade a novas publicacións filolóxicas galegas e por integrar a crítica bibliográfica na formación investigadora.

Publicáronse catro recensións. Dúas delas abordan obras de tema lingüístico: a toponimia do Val do Fragoso (González García 2023) e a fala de Vigo (Miguélez Trabazos 2025). As outras dúas son novidades literarias: o libro de relatos *A pintura debida* (Luna Díaz 2023) e a novela histórica *Ao sur da liberdade* (Solla Alonso 2024).

Son recensións que destacan pola lectura atenta das obras comentadas e pola vontade de contextualizalas dentro do sistema galego. A revista amplía así o seu papel: non só difunde investigación, senón que participa na avaliación do discurso académico galego.

5. Difusión e impacto

Como vai dito, *CUMIEIRA* é unha publicación anual cun ISBN independente para cada volume. Dela fanse dous tipos de edicións: unha en formato impreso e outra dixital, de descarga libre, dispoñible na páxina web do Departamento de Filoloxía Galega e Latina. Os volumes en PDF tamén se poden consultar nos portais académicos que o editor mantén en *Academia.edu*⁴ e de *ResearchGate.net*⁵.

O exemplar físico envíase ás principais bibliotecas galegas especializadas: isto é, pódense atopar exemplares nas bibliotecas de Filoloxía e Tradución e Central da Universidade de Vigo, na Xeral e na de Filoloxía da Universidade de Santiago, na de Filoloxía da Universidade da Coruña, na do Instituto da Lingua Galega, na da Fundación Penzol de Vigo, na da Real Academia Galega, na do Consello da Cultura Galega, na do Centro de Investigación Ramón Piñeiro, na da EMAO de Vigo, na do Museo de Pontevedra, na da Deputación de Pontevedra, na do Museo Etnolóxico de Ribadavia e na do Museo do Pobo Galego. Tamén se remite ás bibliotecas das facultades de Filoloxía ou Comunicación das Universidades do Minho, Complutense, de Barcelona, de Salamanca, de Oviedo e de León. Ademais, *CUMIEIRA* está catalogada na Biblioteca Nacional de España e en *World Cat*.

A revista figura nas bases de datos DIALNET⁶ e BILEGA⁷, así coma no *Catálogo Italiano dei Periodici* ACNP (Università di Bologna)⁸, en *Linguistic Bibliography* e *BrillOnline* de BRILL⁹ e na *Linguistic Open Access Journals*, compilada por Jan Szczepanski¹⁰. Algúns volumes foron tamén recensionados na lista de distribución *Infoling Revista*¹¹ e no *Portal del Hispanismo*.

O feito de *CUMIEIRA* contar con ISBN pero non con ISSN —o código que identifica de xeito único e internacionalmente as publicacións periódicas—, limita, sen dúbida, a súa visibilidade e presenza en repertorios de revistas e en bases de datos internacionais de indización e resumos.

⁴ Véxase: <https://uvigo.academia.edu/Xos%C3%A9AntonioFern%C3%A1ndezSalgado>.

⁵ Véxase: https://www.researchgate.net/profile/Xose-Fernandez-Salgado?ev=hdr_xprf.

⁶ Véxase: Véxase: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=24887>.

⁷ Véxase: <https://bernal.cirp.gal/ords/f?p=107:1:13635947940097::::>

⁸ Véxase: <https://acnpsearch.unibo.it/>.

⁹ Véxase: <https://bibliographies.brill.com/LBO/items/>

¹⁰ Véxase <https://about.ebsco.com/open-for-research/open-access/szczepanski-list>

¹¹ Véxase: <https://infoling.org/elies/?t=ir&t=ir&info=Libros&id=1682&r=90>.

A edición dixital en liña comezou a rexistrar o número de descargas por artigo a partir do volume 8. Nos artigos dese número (2023) a media de descargas é de 150 en tanto no volume 9 (2024) ascende a 66 (datos obtidos o 19/9/2025).

Pola súa parte, o número de visitas ou lecturas da edición completa que o editor colga nos portais de *Academia.edu*¹² e *ResearchGate.net*¹³ recóllese na Táboa 5 (datos de 19/9/2025):


Volume de <i>CUMIEIRA</i>	Visitas / Lecturas		
	<i>Academia.edu</i>	<i>ResearchGate.net</i>	Total
1 - 2016	560	54	614
2 - 2017	44	72	116
3 - 2018	641	40	681
4 - 2019	441	43	484
5 - 2020	49	84	133
6 - 2021	83	43	126
7 - 2022	42	247	289
8 - 2023	52	45	97
9 - 2024	3	54	57
Total	1915	682	2597

Táboa 5. Número de descargas de cada volume (2016-2024) e total nos portais académicos *Academia.edu* e *ResearchGate.net*.

O número total de visitas suma un total considerable de 2597 visualizacións. Poden verse os exemplares máis lidos ou vistos na Gráfica 5, segundo os datos totais da Táboa 5. Destacan os exemplares de 2018 (vol. 3), o volume inicial de 2016 (vol. 1) e o de 2017 (vol. 4).

¹² Véxase: <https://uvigo.academia.edu/Xos%C3%A9AntonioFern%C3%A1ndezSalgado>.

¹³ Véxase: https://www.researchgate.net/profile/Xose-Fernandez-Salgado?ev=hdr_xprf.



Gráfica 5. Número total de visualizacións por volumes (2016-2024) en *Academia.edu* e *ResearchGate.net*.

Por outra parte, todas as saídas de novos volumes de *CUMIEIRA* mereceron reportaxes no *Diario da Universidade de Vigo* (DUVI)¹⁴, información que con frecuencia foi logo reproducida en xornais xeneralistas¹⁵, dixitais¹⁶ ou portais de contido cultural¹⁷.

¹⁴ Véxase, por exemplo, o do volume 9, o último publicado ata o de agora: <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/novo-numero-cumieira-fai-brillar-talento-investigadores-noveis-ambito-filoxia-galega>.

¹⁵ Véxanse, por exemplo, o vol. 1 no *Faro de Vigo* (5/12/2016): <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2016/12/05/jovenes-investigadores-lengua-literatura-gallega-16444085.html>; o vol. 3 en *La Región* (21/1/2019): A revista "Cumieira" aséntase na súa terceira edición.

¹⁶ Véxase en *Galicia Confidencial*: Nace 'Cumiera' para divulgar traballos sobre lingua galega feitos por novos investigadores, ou en *Galicia Digital*: Un novo número de Cumieira fai brillar o talento dos investigadores noveis do ámbito da Filoloxía Galega | Galicia Digital.

¹⁷ Véxase a do Consello da Cultura: <https://consellodacultura.gal/noticia.php?id=4822&tipo;> ou a de *Neofalantes en rede*: O Departamento de Filoloxía Galega da UVigo publica un novo número da revista Cumieira - Neofalantes.

Mesmo algunhas investigacións orixinaron reportaxes específicas, como sucedeu co artigos de Otero Fontán (2021) sobre alcumes¹⁸, de Gamallo Valladares (2022) sobre actitudes lingüísticas¹⁹, o de Vilas González (2022) sobre a influencia do Xabarín Club no uso do galego²⁰ ou o de Pol López (2022) sobre a gheada en Lalín²¹.

6. Conclusións e perspectivas

Co décimo volume, *CUMIEIRA* cumpriu o propósito co que naceu: servir de lugar de encontro entre a investigación académica consolidada e a investigación emerxente, entre o rigor científico e a aprendizaxe formativa. O balance desta primeira década non pode ser senón positivo. Nestes dez anos (2016-2025), a revista publicou máis de medio cento de artigos que revelan a vitalidade da Filoloxía galega actual e a súa capacidade de renovarse con novas voces, na súa maioría femininas, temas e métodos.

Un dos logros máis sobranceiros é que foi quen de crear un modelo editorial propio que combina a esixencia académica coa vocación pedagóxica. O feito de acoller maioritariamente traballos procedentes de TFG e TFM —seguindo o labor titorizador do profesorado universitario— converte *CUMIEIRA* no elo entre a aprendizaxe e a publicación. Moitos dos artigos publicados son a primeira experiencia de difusión científica para as súas autoras e autores, e iso dálle á revista un valor engadido xa que funciona como pebideiro de novas investigacións, amais de ser testemuña da evolución das xeracións máis novas da Filoloxía galega.

Tamén cómpre destacar a amplitude disciplinar do conxunto dos dez volumes. A lingua e a literatura galegas son examinadas dende moitos ángulos: a gramática, a dialectoloxía, a sociolingüística, a didáctica, a variación, o contacto lingüístico, a tradución, a crítica literaria, a historia cultural, a perspectiva de xénero. Esta diversidade reflicte o espírito de apertura e de interdisciplinidade que define a publicación e contribúe a integrar a Filoloxía galega nas correntes actuais de análise e reflexión.

¹⁸ Véxase en *Metropolitano.gal*: <https://metropolitano.gal/gafapasta/a-rabuxa-ou-o-bocanegra-entre-243-os-alcumes-de-cangas-recollidos-nunha-investigacion/>.

¹⁹ Véxase en *Nós Diario*: <https://www.nosdiario.gal/articulo/lingua/que-falan-galego-adoitan-ser-aldea/20230127171856161136.html>.

²⁰ Véxase en *Atlántico Diario*: https://www.atlantico.net/educacion/estudo-di-que-95-rapaces-hoxe-falan-castelan_1_20230131-1893729.html.

²¹ Véxase n'*A Marela Tarabela*: <https://tarablateca.blogspot.com/2023/01/coa-nosa-xente-maria-pol-lopez.html>.

No plano metodolóxico, *CUMIEIRA* representa un modo de investigar moderno na nosa disciplina. A maioría dos traballos basean as súas conclusións en datos reais, en corpus, enquisas, entrevistas ou na observación directa; outros aplican métodos comparatistas, feministas ou culturais que actualizan a crítica literaria galega. Nestas investigacións impoñense os enfoques empíricos que conectan cos debates actuais da lingüística e da teoría literaria. O rigor metodolóxico e o coidado na presentación editorial queren ser un sinal da revista.

É salientable, ademais, a contribución de *CUMIEIRA* á proxección da investigación lingüística e literaria galegas. A súa presenza nalgunhas bases de datos nacionais, a edición en acceso aberto e o interese mediático que esperta algún número fan dela unha publicación dinámica dentro do panorama filolóxico galego. Aínda que a ausencia dun ISSN limita en parte a súa indexación, o interese dos contidos, o seguimento académico e a difusión dixital compensan dalgunha maneira esa carencia e fannos pensar nunha consolidación futura máis ampla.

Por último, cómpre subliñar o papel simbólico de *CUMIEIRA* ó dar visibilidade á nova Filoloxía galega, empírica, conectada co mundo e consciente da súa responsabilidade social e cultural, co galego e con Galicia. *CUMIEIRA* quere ser unha escola de investigación, apostar pola cultura propia e facer da Filoloxía galega un espazo compartido de análise e creación.

Que dese chegado aquí é froito dun esforzo colectivo: do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, do comité científico de revisión que en cada número amosa a súa xenerosidade garantindo a calidade dos artigos, do Editor da publicación e, por suposto, das autoras e autores novos que confían en *CUMIEIRA* para a súa primeira publicación académica. A todas e todos o noso agradecemento.

Para a próxima década, *CUMIEIRA* deberá consolidar o seu papel de referente da investigación filolóxica galega, polo que cumprirá combinar continuidade e renovación. Será necesario fortalecer a súa visibilidade coa indexación en bases de datos académicas de referencia internacional, polo que haberá que dotar á revista dun ISSN e dun comité de redacción e científico diversos e internacionais. É preciso tamén potenciar a presenza de disciplinas emerxentes, relacionadas co mundo dixital, a análise do discurso ou a literatura comparada. No eido formativo, a revista pode afondar no seu papel de escola de escritura científica e seguir acompañando os novos investigadores. Finalmente, *CUMIEIRA* ten que seguir sendo de acceso aberto, un portal propio, galegocéntrico e internacionalizado, fiel ó seu compromiso coa lingua, literatura e cultura galegas.

Referencias bibliográficas

- ALGa = Instituto da Lingua Galega (1992-2025): *Atlas Lingüístico Galego*. Santiago de Compostela: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 8 vols.
- Capurro, Rafael (2015): «¿Qué es una revista científica?», *Informatio* 20 (1), 3-24. Disponible en: <https://informatio.fic.edu.uy/index.php/informatio/article/view/165>.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2025): «Linguistic Historiography», en Xulio Sousa / Ernesto González Seoane (eds.), *Manual of Galician Linguistics*. Berlín: De Gruyter, 537-557. DOI: <https://doi.org/10.1515/9783110417449-025>.
- Iáñez-Rodríguez, Irene / Alejandro López-Ruiz / M. Ángeles Martín-Lara / Alicia Ronda Gálvez (2020): *Guía para la iniciación a la publicación de artículos científicos*. Sevilla: Universidad. Disponible en: <https://editorial.us.es/es/detalle-libro/720184/guia-para-la-iniciacion-a-la-publicacion-de-articulos-cientificos>.
- Pena, Xosé Ramón (2013-2019): *Historia da literatura galega*. Vigo: Edicións Xerais, 4 vols.

Bibliografía de *Cumieira* (2016-2025)

- Álvarez Moure, Darío (2017): «Vangardas e futurismo no campo literario galego», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 2, 33-64.
- Benavides da Vila, Javier (2019): «O tratamento das linguas na Educación Primaria dunha comunidade bilingüe. O caso galego», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 4, 11-33.
- Bouzas Antas, Nuria (2021): «*Aguafuertes gallegas*, unha mirada da paisaxe allea á construción cultural galega», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 6, 75-95.
- Brandariz Varela, Susana (2017): «Deseño e construción dun corpus paralelo etiquetado semánticamente para o galego», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 2, 11-32.
- Casabianca Rodríguez, Uxía Esmeralda (2022): «A cortesía no ámbito da familia. Un estudo de cambio lingüístico», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 7, 101-131.
- Castelo Veiga, Andrea (2016): «Actualidade e vitalidade da lingua mirandesa», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 1, 145-164.

- Castelo Veiga, Andrea (2017): «O léxico galego-berciano na obra poética de Antonio Fernández Morales (1817-1896) / », *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 127-150.
- Castro García, Abraham (2021): «Análise materialista de Retorno a Tagen Ata (1971)», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 6, 11-35.
- Chantrero Poceiro, Ángela M^a (2016): «A educación en valores a través da literatura», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 1, 117-144.
- Cid Blanco, Patricia (2020): «A dispoñibilidade léxica en estudantes da ESO da Terra de Caldelas: o centro de interese das profesións e oficios», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 5, 119-153.
- Comesaña Pires, Sandra (2025): «Estratexias e retos das familias na transmisión e mantemento do galego en Vigo», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 10, 39-60.
- Díaz Guedella, Nuria (2017): «A influencia do ensino no proceso de adquisición lingüística», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 2, 85-104.
- Díaz, Arantxa, Luna (2023): Recensión de *A pintura debida*, Vigo: Edicións Xerais, de Fabio Rivas (2023), *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 8, 121-123.
- Domínguez García, Helena (2023): Recensión de *Toponimia do Val de Fragoso 8. Valadares*, de Aranzazu Luna / Gonzalo Navaza (2022), Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo / Concello de Vigo, *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 8, 124-125.
- Domínguez García, Helena (2024): «Orixes e fitos da crítica literaria feminista na Galiza», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 9, 97-110.
- Domínguez Márquez, Iria (2023): «O emprego do artigo co posesivo con nomes de parentesco no galego contemporáneo», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 8, 11-40.
- Expósito Loureiro, Andrea (2016): «O redobro do complemento indirecto en galego no verbo *pedir*», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 1, 11-36.
- Fernández Berrocal, Ana (2020): «O elemento *auto-* como xerador de neoloxismos no galego actual», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 5, 65-90.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2025): «Dez anos de Filoloxía galega na revista *Cumieira* (2026-2025)», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 10, 11-38.
- Gago Costas, Alberto (2024): «O hábito sobre a cadeira: imaxe totalizadora em *Novas cartas portuguesas*», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 9, 77-96.

- Gamallo Valladares, Andrea (2022): «Actitudes lingüísticas do alumnado de Vigo: diferenzas entre centros públicos e privados», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 7, 67-99.
- García Fortes, Gonzalo (2018): «Aproximación ao estudo comparado da obra poética de Johán Carballeira», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 3, 95-118.
- García Rodríguez, Paloma (2018): «Supervivencia da mitoloxía clásica na obra poética de Álvaro Cunqueiro», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 3, 35-61.
- González Álvarez, Estefanía (2017): «O *cuidar* na cantiga de amor: unha obsesión», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 2, 65-84.
- Groba Bouza, Fernando (2021): «Aproximación xeolingüística ao léxico raiano galego-portugués a través do xénero documental», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 6, 97-123.
- Joven Sieira, Cristina (2016): «As actitudes lingüísticas entre o alumnado de 4º da ESO de tres IES pontevedreses», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 1, 37-66.
- López Tanoira, Estefanía (2023): «Monolingüismo en educación infantil: as linguas dos pais e o alumnado dun CEIP de Pontevedra», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 8, 69-104.
- Martín Piñero, Antonio (2021): «Sobre a alternancia nas locucións preposicionais con *base* e *respecto*. Estudo contrastivo galego-español», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 6, 125-156.
- Martínez Rial, Sara (2018): «Os estudos dialectais sobre a fala do Morrazo», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 3, 119-149.
- Martínez Vicente, Alejandro (2018): «A necesidade de análises contrastivas e a súa aplicación ó ensino do galego como lingua estranxeira en Croacia», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 2, 63-95.
- Miguélez Trabazos, Silvia (2025): Recensión de *A fala de Vigo. Trazos diferenciais da variedade dialectal do Val do Frago*, de Xosé-Henrique Costas (2025), Vigo: Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo/Concello de Vigo/Asociación Faladoiros Vigo, *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*,
- Moll, Simon (2023): «Identidades, ideoloxías e actitudes lingüísticas dos neofalantes», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 8, 41-68.
- Monteagudo Alonso, Antía (2016): «Reflexións sobre a metodoloxía da Historia n'Os europeos en Abrantes», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 1, 67-86

- Moreiras Villamarín, Icíá (2017): «Os resultados galegos do nome latino *Caecilia*», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 2, 105-126.
- Naveira Fuentes, Manuel (2020): «Rosalía entre as brétemas: o Simbolismo literario e Rosalía de Castro», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 5, 11-34.
- Otero Fontán, Ángela (2021): «Estudo lingüístico dos alcumes da parroquia de Darbo (Cangas do Morrazo)», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 6, 37-73.
- Otero Oubiña, Natalia (2025): «Galego e castelán en contacto no audiovisual de Galicia: o caso da serie *Fariña*», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 10, 61-105.
- Piñeiro Pais, Laura (2016): «Os alomorfos do pronome átono de acusativo na fala de Cangas do Morrazo», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 1, 165-177
- Pol López, María (2022): «Descrición e percepción do cambio en tempo aparente do uso da gheada en Lalín», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 7, 33-66.
- Puga Areal, Lorena (2019): «(2018):O *teísmo* en tres parroquias de Tui: situación e percepción entre os seus falantes», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 4, 35-60.
- Quintela Sesar, Ariel (2025): «Bases para un dicionario LGBT+ Galego», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 10, 107-138.
- Rancaño Míguez, Miguel (2024): «Aproximación ás actitudes e opinións lingüísticas do estudantado redondelán», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 9, 41-75.
- Rivas, Fabio (2024): «A dispoñibilidade léxica no alumnado da Universidade de Vigo: o campo da sanidade en tempos de pandemia », *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 9, 11-40.
- Rodríguez Rodríguez, Brais (2019): «A técnica *matchet-guise* e o seu uso na Educación Primaria para detectar actitudes lingüísticas», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 4, 87-112.
- Rodríguez Rodríguez, Reyes (2016): «Aproximación dialectal á fala de Entrimo», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 1, 87-116.
- Salceda García, Lucía (2022): «O tratamento da muller coidadora nalgunhas obras da literatura galega», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 7, 11-32.

- Salceda García, Lucía (2023): «A figura literaria da bruxa como ferramenta de análise dos roles de xénero nas aulas», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 8, 105-120.
- Sobral Vázquez, Sonia (2019): «Tipoloxía oracional e pronomes persoais na tradución ó romanés d'Os outros feirantes. Estudo contrastivo», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 4, 139-165.
- Solla Alonso, Alejandro (2020): «Estruturas sintáctico-semánticas do verbo *votar* en galego», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 5, 91-118.
- Solla Alonso, Alejandro (2024): Recensión de *Ao sur da liberdade*, de Xosé-Henrique Costas. Cangas do Morrazo: Edicións Morgante (2023), *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 9, 111-114.
- Suárez Recouso, Estela (2018): «O conflito lingüístico: un modelo de intervención nunha aula de 1º de bacharelato», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 3, 11-33.
- Torres Abilleira, Nerea (2020): «A autotradución do galego ao castelán: análise lingüística contrastiva de *Memorias de un niño campesino*», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 5, 35-64.
- Vázquez Vázquez, Raquel (2019): «*Ver e mirar*: unha aproximación ó discurso fotográfico en Galicia», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 4, 113-137.
- Vilaboa Cebreiro, Manuel (2019): «A inestabilidade das consoantes oclusivas velares tras nasal na fala de Pazos de Borbén», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 4, 61-86.
- Vilas González, Sol (2022): «A Xeración Xabarín e a normalización da lingua galega», *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 7, 133-164.
- Vizoso Gozález, Olalla (2025): «Variación lingüística nos concellos de Tui e Tomiño: as variantes relacionadas co seseo », *Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, 10, 139-175.